



**RESOLUCIÓN do 17 de setembro de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se fan públicas as listaxes definitivas das prazas concedidas para persoas colaboradoras ao abeiro da Resolución do 1 de xullo de 2020 (DOG 10.07.2020), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas, en réxime de concorrencia competitiva, para persoas colaboradoras na residencia do Centro Galego de Tecnificación Deportiva para o curso 2020/21, e pola que se procede á súa convocatoria (código de procedemento DE400A).**

No Diario Oficial de Galicia nº 137, do pasado 10 de xullo, publícase a Resolución do 1 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas, en réxime de concorrencia competitiva, para persoas colaboradoras na residencia do Centro Galego de Tecnificación Deportiva para o curso 2020/21, establecéndose no seu artigo 5 un prazo límite de presentación das solicitudes ata o día 11 de agosto de 2020.

Rematado o prazo de solicitudes, publícase na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte [deporte.xunta.gal](http://deporte.xunta.gal), a listaxe provisional de avaliación de solicitudes admitidas, excluídas e pendentes de emenda, presentadas ao abeiro da mencionada resolución de convocatoria o día 3 de setembro de 2020, establecendo un prazo de dez días para a formulación de alegacións, emendar erros ou achegar documentación.

Rematado o prazo de alegacións e modicadas, de ser o caso, as puntuacións dos solicitantes, a comisión de selección formula a proposta de resolución definitiva.

Acreditadas as actuacións levadas a cabo pola Comisión de selección á que se refire o artigo 12 da Resolución do 1 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas, en réxime de concorrencia competitiva, para persoas colaboradoras na residencia do Centro Galego de Tecnificación Deportiva para o curso 2020/21 (DOG no 137, do 10 de xullo), e as propostas formuladas por esta, logo do estudo detallado das solicitudes formuladas comprobando a concorrencia dos requisitos requiridos, tal e como queda documentado na acta redactada con ocasión da sesión de traballo levada a cabo con data do 16 de setembro de 2020, e vista a proposta formulada pola citada Comisión de selección e, unha vez examinadas as alegacións presentadas, e en virtude das atribucións que me foron conferidas,

## RESOLVO

**Primeiro.** Estimar as solicitudes para persoas colaboradoras na residencia do Centro Galego de Tecnificación Deportiva para o curso 2020/2021, sita en Pontevedra, que se recollen no anexo I desta resolución, ordenadas alfabeticamente, unha vez aplicados os criterios establecidos no artigo 9 das bases reguladoras do procedemento.





**Segundo.** Desestimar as solicitudes de persoas colaboradoras na residencia do Centro Galego de Tecnificación Deportiva para o curso 2020/2021, sita en Pontevedra, que se recollen no anexo II desta resolución, ordenadas alfabeticamente, unha vez aplicados os criterios establecidos no artigo 9 das bases reguladoras do procedemento.

**Terceiro.** Estas listaxes publicaranse no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte <http://deporte.xunta.gal/>.

**Cuarto.** Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela pode interpoñerse un recurso potestativo de reposición perante a persoa titular da Secretaria xeral para o Deporte, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben, un recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2020.

José Ramón Lete Lasa

Secretario Xeral para o Deporte  
(documento asinado dixitalmente)





**ANEXO I**  
**LISTAXE DE SOLICITUDES ADMITIDAS PARA PERSOAS COLABORADORAS NO CGTD**

Nº	SOLICITANTE COLABORADOR	NOVA / RENOVA	TOTAL PUNTOS	OBSERVACIÓNS
1	REY LOPEZ, MARIO	RENOVA	13,00	
2	GARCÍA VIDAL, MIRYAN	RENOVA	12,00	
3	ESCARIZ MELLA, CARMEN	NOVA	7,00	
4	GÓMEZ REYES, JUAN SEBASTIAN	NOVA	7,00	
5	PAN VEIRAS, BERTA	NOVA	7,00	
6	ROMERO REY, IRIA	NOVA	7,00	





**ANEXO II**  
**LISTAXE DE SOLICITUDES DESESTIMADAS PARA PERSOAS COLABORADORAS NO CGTD**

Nº	SOLICITANTE COLABORADOR	NOVA / RENOVA	TOTAL PUNTOS	OBSERVACIÓNS
----	-------------------------	------------------	-----------------	--------------

1	CASTRO VELASCO, SAÚL	NOVA	1,00	
2	OTERO FERNÁNDEZ, ANDREA	NOVA	1,00	

